

BLOQUE II.- O ESTUDIO DA POBOACIÓN.

VOCABULARIO:

Ecúmene, Anecúmene, demografía, sobremortalidade masculina, movementos migratorios, accidentes demográficos, densidade de poboación, éxodo rural, migración, mortalidade, natalidade, pirámide de poboación, poboación, poboación activa, fecundidade natural, país desenvolvido, neomaltusianos, políticas demográficas, pronatalistas, réxime demográfico moderno, réxime demográfico tradicional, transición demográfica, censo de poboación, emigración, envellecemento da poboación, migración definitiva, migración estacional, movementos naturais da poboación, padrón municipal.

OS CENSOS DE POBOACIÓN E VIVENDAS 2001/2011/2021:

- Que é o Censo de Poboación?
- Quen debe estar censado?
- Para que se realizan os Censos de Poboación e vivendas?
- Cando se realizan os Censos de Poboación e Vivendas?
- Como son os cuestionarios censuais?
- Desde cando se realizan os censos en España?

ESQUEMA XERAL:

- 1.- A distribución espacial da poboación:
 - Causas das desigualdades: hemisferios, diferencias entre continentes, focos de concentración, baleiros demográfico.
- 2.- Factores de distribución:
 - Factores Físicos: Climas, relevos, solos.
 - Factores Humanos: históricos, económicos; antigüidade do poboamento, desenvolvemento tecnolóxico, áreas hostís.
- 3.- A estrutura da poboación por idade e sexo: As pirámides.
- 4.- A estrutura socioeconómica da poboación:
 - Poboación activa/inactiva.
 - Sectores económicos: primario, secundario e terciario.
- 5.- Os movementos naturais da poboación:
 - Movementos naturais: A natalidade/A Mortalidade – O crecemento vexetativo. Taxa de fecundidade. Factores que modifican estas taxas.
 - Movementos migratorios: interiores (éxodo rural); exteriores (emigración/inmigración) migracións transoceánicas.
 - Causas das migracións:
 - @ Sociais.
 - @Económicas.
- 6.- A evolución histórica da poboación mundial:
 - Orixes.
 - A época preindustrial.
 - O período de transición.
 - O período actual.
- 7.- Os problemas actuais demográficos:
 - A situación do Terceiro Mundo.
 - As migracións masivas.
 - Posturas actuais: natalistas e neomaltusianos.
- 8.- A poboación de España e de Galicia:
 - Poboación, distribución; índices de natalidade e mortalidade; composición por sexo e idade; actividades económicas; migracións en España

TAXAS E ÍNDICES:

Taxa bruta de natalidade = $\text{N}^\circ \text{ de nacementos nun ano} / \text{Poboación total} \cdot 1000$

Taxa bruta de mortalidade = $\text{N}^\circ \text{ de defuncións nun ano} / \text{Poboación total} \cdot 1000$

Taxa de crecemento natural = $\text{N}^\circ \text{ de nacementos} - \text{N}^\circ \text{ de defuncións} / \text{Poboación total} \cdot 100$

Taxa de mortalidade infantil = $\text{N}^\circ \text{ de defuncións de nenos} < \text{de 1 ano} / \text{N}^\circ \text{ de nacementos no ano} \cdot 1000$

Taxa xeral de fecundidade = $\text{N}^\circ \text{ de nacementos nun ano} / \text{Poboación feminina (15-49anos)} \cdot 1000$

Densidade de poboación = $\text{N}^\circ \text{ de habitantes} / \text{Superficie en km}^2$.

Que contador de internet segue o reconto da poboación mundial?

- <http://www.poodwaddle.com/applets/worldclockes.swf>